



Orde do 30 de xullo de 2019 pola que se resolve o concurso de méritos específico entre persoal funcionario de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, para cubrir prazas de persoal asesor nesta Consellería.

Mediante a Orde do 10 de xuño de 2019 (anunciada na Resolución do 10 de xuño de 2019 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos publicada no *Diario Oficial de Galicia* núm.114 do 16 de xuño) convocouse o concurso de méritos específico entre persoal funcionario de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, para cubrir prazas de persoal asesor nesta Consellería.

Logo de realizada a valoración inicial pola comisión de selección, publicouse no portal da Internet da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional o baremo provisional dos méritos e a relación provisional de persoas excluídas e a causa da súa exclusión. Logo de revisadas as reclamacións presentadas, con base no disposto nos artigos 7.2 e 8.1 da citada convocatoria,

DISPOÑO:

Primeiro. Facer pública, no anexo a esta orde, a adxudicación definitiva dos postos obtidos no concurso público convocado pola referida orde.

Segundo. De conformidade co disposto no artigo 8.2 da citada orde, o persoal docente seleccionado quedará adscrito aos postos adxudicados a partir do 1 de setembro de 2019 e permanecerán neles en réxime de comisión de servizos, con reserva de posto de traballo de orixe, por un período dun ano, renovable ano a ano ata un máximo de seis.

Terceiro.- Contra esta orde, que lle pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular con carácter potestativo un recurso de reposición ante a conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no portal de Internet <http://www.edu.xunta.gal>, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do Contencioso Administrativo que resulte competente, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2019

A conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional

Carmen Pomar Tojo



ANEXO

N.º PRAZA	DENOMINACIÓN	CANDIDATO/A SELECCIONADO/A	DESTINO
3	Asesor/a de Innovación na FP	Regueiro Tato, Jorge Eduardo	D. X. de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
10	Asesor/a de programas para as linguas estranxeiras	Ferreira Costa, Mónica	D. X. de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
12	Asesor/a de Participación educativa	Motellón Carrillo, María Josefa	D. X. de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
15	Asesor/a de proxectos e programas de avaliación educativa	Fariña Pérez, Javier Manuel	D. X. de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
15	Asesor/a de proxectos e programas de avaliación educativa	López Pena, Marcos	D. X. de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
17	Asesor/a de Calidade educativa	Leis Rey, Patricia	D. X. de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
18	Asesor/a de Calidade e xestión de novas tecnoloxías para a inspección educativa	Sánchez Martín, Mariano	D. X. de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
19	Asesor/a de Coordinación da formación para a inspección educativa	Barreiro Neira, María Luz	D. X. de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
20	Asesor/a de idiomas de réxime especial	Lago Leis, Juan José	D. X. de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
21	Asesor/a de ensinanzas de réxime especial	López Díaz, Ana María	D. X. de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
22	Asesor/a de ensinanzas para a educación e formación ao longo da vida	Fuentes Riveira, Natalia	D. X. de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
22	Asesor/a de ensinanzas para a educación e formación ao longo da vida	García Criado, María Isabel	D. X. de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
24	Asesor/a de bibliotecas escolares	Pousa Rodríguez, María José	Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos
25	Asesor/a de bibliotecas escolares-TIC	López García, Rafael	Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos
26	Asesor/a técnico/a praza museística pedagóxica	Pais Pozón, María	Secretaría Xeral Técnica (MUPEGA)

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2019

A conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional


 Carmen Pomar Tojo

